

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES DO DÍA 28 DE AGOSTO DE 2007

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e oito de agosto de 2007, baixo a presidencia do Sr. alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das Comisións Informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da Corporación municipal de data 13 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PS de G-PSOE.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora municipal.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Don Antonio Varela Saavedra, do PS de G-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Don Jaime Manuel López Lisnier, do PS de G-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Elexpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

De conformidade co disposto no artigo 15.1 do Regulamento orgánico municipal, asisten, ademais, sen dereito a voto, os demais membros dos grupos municipais, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PS de G-PSOE; don José Antonio Baamonde López, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG, co que a realización desta sesión conxunta lévase a cabo coa presenza de todos os concelleiros que forman a corporación.

Actúa como secretaria dona M^a Fernanda Montero Carré, secretaria accidental da Corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA
E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

1º.- Aprobación, se procede do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 24 de xullo de 2007.

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 24 de xullo de 2007.

Non se formula ningunha, polo que, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, queda aprobada a acta de referencia.

2º.- Proposta da Alcaldía respecto do nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.

Pola secretaria accidental dase lectura á proposta da Alcaldía formulada coa data do 21 de agosto de 2007, do seguinte teor literal:

“Visto o escrito procedente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, rexistrado de entrada ao número 7673, no que solicita que se designe á persoa que ostenta a representación do concello no devandito Fondo.

Visto o escrito procedente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, rexistrado de entrada ao número 8661, no que solicita que se lles remita o máis axiña posible o nomeamento dos representantes do concello na Asemblea Xeral do Consorcio.

Á vista do exposto, propono ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Nomear representante do concello, no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, ao concelleiro-delegado de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, don Francisco Javier Varela Tejedor, e como suplente ao concelleiro-delegado de Facenda, Comercio, e Emprego, don José Venancio Salcines Cristal.

Segundo: Nomear representante do concello no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar á concelleira-delegada de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá, dona Carmen Tato Lago e como suplente á concelleira-delegada de Cultura e Turismo, dona Erundina Prado Arcay.

Terceiro: Comunicar as anteditas designacións ao Fondo Galego de Cooperación e máis ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para os efectos oportunos.”

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, este pregunta se a participación nestes órganos colexiados supón algún desembolso para o concello, ao que don Francisco Javier Varela Tejedor responde que o gasto é para os órganos correspondentes, e non para o Concello de Cambre.

A Comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol correspondente ao concelleiro do PS de G-PSOE , e coa abstención dos concelleiros do PP, BNG, IU-EU e PG, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Nomear representante do concello, no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, ao concelleiro-delegado de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, don Francisco Javier Varela Tejedor, e como suplente ao concelleiro-delegado de Facenda, Comercio e Emprego, don José Venancio Salcines Cristal.

Segundo: Nomear representante do concello no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar á concelleira-delegada de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá, dona Carmen Tato Lago e como suplente á concelleira-delegada de Cultura e Turismo, dona Erundina Prado Arcay.

Terceiro: Comunicar as anteditas designacións ao Fondo Galego de Cooperación e máis ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para os efectos oportunos.

3.- Proposta de constitución, con carácter permanente, da Mesa de Contratación para asistir ao órgano de contratación nos procedementos abertos e restrinxidos.

Pola secretaria accidental dase lectura á proposta formulada polo concelleiro delegado da área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior coa data do 21 de agosto de 2007, do seguinte teor literal:

“Visto que con data do día 16 de xuño de 2007 se realizou a sesión constitutiva da nova Corporación, resultante das eleccións levadas a cabo o día 27 de maio de 2007, polo que xa non resulta de aplicación a resolución da Alcaldía de 10 de xullo de 2003, na que fora constituída a mesa de contratación, como consecuencia da nova restructuración orgánica municipal.

Tendo en conta o establecido no artigo 81 e disposición adicional novena 3 de Real decreto legislativo 2/2000 do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos das Administracións Públicas, e artigo 327 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

En uso das atribucións que me foron concedidas polo señor alcalde segundo a Resolución da data 10 de xullo de 2007, propono ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Constituír con carácter permanente a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto e restrinxido, en todos os expedientes de contratación que se incoen no Concello de Cambre.

Segundo: A Mesa de contratación estará constituída polos seguintes membros:

- Presidente: O señor alcalde, don Antonio Varela Saavedra, ou no seu lugar, o concelleiro/a da corporación no que delegue.

- Vogais:

1.- O concelleiro de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, don Francisco Javier Varela Tejedor, ou concelleiro/a da corporación no que delegue.

2.- A concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, dona Beatriz Ramos Padín, ou concelleiro/a da corporación no que delegue.

3.- Un representante do grupo municipal do Partido Popular.

4.- Un representante do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

5.- Un representante do grupo municipal do Esquerda Unida - Izquierda Unida.

6.- Un representante do grupo municipal do Partido Galeguista.

7.- A secretaria da Corporación, dona María Luisa de la Red Ampudia, ou funcionario/a do departamento de Secretaría no que delegue.

8.- A interventora da Corporación, dona M^a Irache Enríquez Albaina, ou funcionario/a do departamento de Intervención no que delegue.

9.- A técnico de xestión económico-financeira, dona María Luisa Souza Veiga, ou funcionario/a no que delegue.

10.- O aparelador, don Roberto Saavedra Vázquez, ou funcionario/a no que delegue.

- Secretaria: a técnica de xestión de Administración xeral, dona M^a Fernanda Montero Carré, ou funcionario/a no que delegue.

Terceiro: Dado que a designación dos membros da mesa de contratación ten carácter permanente, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, para coñecemento xeral, de conformidade co disposto no artigo 79.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro.”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, este manifesta que, á vista do informe emitido pola secretaria accidental da Corporación, propón emendar a proposta formulada, no sentido de omitir , na designación dos vogais da Mesa, as referencias aos concelleiros ou funcionarios nos que deleguen, e, en lugar disto, propón que se designen persoalmente os titulares e suplentes, o que pode facerse antes da realización do pleno e votar durante o seu desenvolvemento a proposta definitiva.

Don José Antonio Baamonde, voceiro do PP, amosa a súa conformidade.

Don Manuel Marante, voceiro do Grupo Mixto, (PG), pregunta por que se inclúe entre os vogais da Mesa de contratación ao aparelador municipal, en lugar de designar ao técnico que corresponda por razón da materia, xa que entende que ás veces se contratan servizos ou mesmo obras de infraestrutura, para as que lle parece que resultaría máis axeitada a presenza na Mesa doutros técnicos, tales como o enxeñeiro, etc... O normal, sinala o Sr. Marante, é que estean na Mesa outros técnicos, do servizo que corresponda. Gustaríalle saber quen vai estar en concreto na Mesa de Contratación.

Don Antonio Varela Saavedra respóndelle que a designación deste técnico débese a que, na actualidade, outras prazas de técnicos están en proceso de exames para a consolidación de emprego, motivo polo que non se lles designou.

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que a proposta que se presenta para aprobación é esta, e non outra, xa que entende que é a máis axeitada. O interese do grupo de goberno é abrir a posibilidade de formar parte da Mesa de Contratación aos restantes grupos municipais, de cara a promover a transparencia dos procesos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que está de acordo coa filosofía da constitución da Mesa de Contratación, e di que, se se propón a designación de suplentes, estará de acordo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, sinala que ao seu grupo gustaríalle saber quen vai ser os compoñentes da Mesa antes de votar a prol ou en contra da proposta.

Pola secretaria accidental, e a petición do Sr. alcalde, infórmase aos presentes de que os asuntos que se leven a Pleno deben contar co previo ditame da Comisión informativa correspondente, polo que a posibilidade de aprobar a composición da Mesa, pero designar aos titulares e suplentes concretos antes da realización do Pleno, debe contar co voto favorable da Comisión informativa.

Os membros presentes da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica que representan aos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP, EU-IU e PG, así como os voceiros presentes destes grupos municipais, agás o BNG, amosan a súa conformidade coa filosofía de constitución da Mesa de Contratación que consta na proposta formulada, e co feito de que, antes da realización do pleno, poidan designarse titulares e suplentes polos distintos grupos, se ben o voceiro do BNG, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, manifesta que o seu grupo se vai abster nesta votación, ata coñecer a composición definitiva da Mesa.

Así pois, a Comisión, en votación ordinaria, por catro votos a prol correspondentes aos concelleiros do PS de G-PSOE, PP, EU-IU e Grupo Mixto (PG), e coa abstención do concelleiro do BNG, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditaminan favorablemente a proposta formulada polo concelleiro de Presidencia, Planificación e Réxime Interior, coa salvidade de designar aos vogais titulares e suplentes polos distintos grupos municipais antes da realización do pleno do día 30 de agosto actual.

4º.- Proposta de aprobación do número, características e retribucións do persoal eventual.

Pola secretaria accidental da corporación dase lectura á proposta do concelleiro delegado de Presidencia, Planificación e Réxime Interior de data do 24 de agosto actual, do seguinte teor literal:

“Con motivo da constitución da nova Corporación con data 16 de xuño de 2007, se propón ao Pleno aprobar o seguinte acordo:

1º.- Modificar o cadro de persoal e relación de postos de traballo do Concello de Cambre, aprobados pola anterior Corporación en Pleno en sesión ordinaria de data 29 de marzo de 2007, segundo a continuación se indica:

a) No cadro de persoal o número de prazas de persoal eventual queda como segue:

Denominación da praza	Número de prazas
Asesor/a en xestión de proxectos	1
Asesor/a de comunicacións	1
Secretaria do grupo de goberno	1

b) Na relación de postos de traballo:

Segundo fichas e detalle que se unen ao presente.”

Concedida a palabra aos voceiros do PSdeG-PSOE e PP, estes renuncian a este dereito.

Seguidamente, concédese a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, quen manifesta que non están de acordo coa proposta, e por iso van presentar un voto particular, que se entregará mañá, e xustifica a súa decisión nos seguintes aspectos: Non lles parece unha proposta axeitada e correcta ás condicións deste concello. Unha das prazas é a de asesor de comunicación, que non ten sentido, xa que hai pouco formalizouse un contrato cunha empresa de comunicación para levar o gabinete de prensa. No pleno do día 13 de xullo aprobouse unha proposta de constitución dunha comisión de participación e comunicación pública, na que todos os grupos definirán as súas políticas de comunicación. Entende que esta función xa está debidamente cumprida, e para iso están os concelleiros do grupo de goberno.

En canto ao xestor de seguemento de proxectos, a carencia de técnicos que existía no concello, ao seu parecer, coas últimas convocatorias de prazas, co gabinete para xestionar os plans de obras do vindeiro ano, e cos procesos de consolidación de emprego entende que é máis que superadas, debendo ser os concelleiros os que efectúen este labor de seguemento dos asuntos.

Por outra banda, parécelles lóxico que unha persoa se dedique a coordinar as tarefas administrativas do grupo de goberno. Pero esta é unha corporación ampla, e os labores administrativos e de organización non son só necesarios para o grupo de goberno, senón que os necesitan tamén os restantes grupos municipais, polo que todos os grupos

deberían contar cunha persoa para desenvolver estes traballos. De feito, na proposta do grupo de goberno xa se contempla unha retribución para un auxiliar administrativo para cada grupo.

Pola secretaria accidental da corporación dase lectura ao artigo 115 do ROM, no que se contempla o voto particular co seguinte teor literal:

“d) Voto particular é a proposta de modificación dun ditame formulada por un membro que forma parte da Comisión informativa. Deberá achegarse ao ditame desde o día seguinte á súa aprobación pola Comisión, e presentarse a través do Rexistro de Entrada.

Unha vez debatido o asunto, someterase primeiro a votación a proposta de modificación do ditame e de seguido a proposta obxecto de ditame pola Comisión informativa”.

Toma a palabra don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, quen manifesta que, co cambio tan radical que se produciu coa constitución da nova corporación, agora non obstante proponse contratar a unha soa persoa, polo que pensa que se antes eran necesarias máis persoas para este labor, agora unha soa parece pouco.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do Grupo Mixto (PG), sinala que, á vista de que o BNG anuncia a presentación dun voto particular, en canto o lea decidirá.

Toma a palabra don Francisco Javier Varela Tejedor, quen di que non hai un cambio radical, o persoal de confianza o propón o grupo de goberno en función das necesidades urxentes. O equipo de goberno anterior entendía que o labor administrativo correspondía a funcionarios de carreira, e por iso, entende que nese sentido non fan falta máis, pero si que fai falta un labor de coordinación, e por iso propoñen a un auxiliar para coordinar, e a un asesor de comunicación do grupo de goberno, porque queren saber o que pensan, necesitan e desexan os veciños, o que opinan os cidadáns, as súas prioridades, etc...

Con ese asesor buscan unha canle permanente de comunicación cos cidadáns. Toda a información que reciban por esta vía váiselles facilitar aos membros da oposición, e pretenden que con iso teñamos dispoñible a información que demandan os veciños.

En canto aos proxectos, veu observando que hai proxectos que quedan nos despachos, políticos e técnicos, sen xestionar, perdéndose con iso subvencións. O labor deste xestor vai ser xestionar todo isto, para que non se perdan subvencións procedentes doutras Administracións Públicas.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que coincide coa opinión do grupo de goberno, pero vai esperar á proposta do BNG para pronunciarse ao respecto.

A pregunta de don Nicolás Cubeiro Martínez, o Sr. Varela Tejedor responde que o asesor en xestión de proxectos estará para controlar a correcta realización e execución das obras e proxectos en xeral, e o asesor de comunicación para recoller as inquiredanzas dos veciños.

Don Nicolás Cubeiro Martínez contesta que as inquiredanzas dos veciños tamén as recollen os políticos.

Toma a palabra don Henrique Xabier Iglesias, quen di que, das explicacións que se lles están a dar, o que se confirma é que se quere contratar a dous concelleiros máis, con funcións políticas. Non di que isto sexa ilexítimo, so di que se trata dunha interpretación do asunto. Para recoller as inquiredanzas dos veciños xa están os concelleiros, e o que se pide aos que gobernan é que estean en contacto cos veciños e veciñas. Ademais, cando xa se fixo un contrato cun gabinete de prensa, non ten xustificación, ao seu modo de ver, este asesor de comunicación. O certo é que, tanto para o seguemento das relacións institucionais como para controlar que os funcionarios fagan o seu traballo xa está o goberno, non só para asistir a inauguracións e fastos. Completando a urxencia das últimas convocatorias de emprego público e coa próxima consolidación de emprego do persoal do concello, cre que Cambre contará cun cadro de persoal máis que suficiente, que non precisará de xestor ningún. O que están é contratando a un concelleiro pola porta de atrás. Por outra banda, é lóxico que queira contar cunha persoa para levar a organización dos asuntos, pero o seu grupo vai manter que haxa un auxiliar para cada grupo político da corporación.

A Comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol correspondente ao concelleiro do PS de G-PSOE, dous votos en contra correspondentes aos concelleiros do BNG e o Grupo Mixto (PG), e coa abstención dos concelleiros do PP e EU-IU, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

“Modificar o cadro de persoal e Relación de postos de traballo do Concello de Cambre, aprobados pola anterior corporación Pleno en sesión ordinaria de data 29 de marzo de 2007, segunda continuación se indica:

a) No cadro de persoal o número de prazas de persoal eventual queda como segue:

Denominación da praza	Número de prazas
-----------------------	------------------

Asesor/a en xestión de proxectos	1
Asesor/a de comunicacións	1
Secretaria do grupo de goberno	1

b) Na relación de postos de traballo:
Segundo fichas e detalle que se unen á proposta”

5º.- Proposta de derogación da Ordenanza Fiscal nº 20, reguladora da taxa de actividades extraescolares .

Pola secretaria accidental dase lectura á proposta do concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego de data 21 de agosto de 2007, do seguinte teor literal:

“Á vista da necesidade de adaptar as ordenanzas fiscais á regulación vixente, en concreto ao disposto no artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que dispón que as entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia da entidade local, sempre que non concorran ningunha das circunstancias especificadas no artigo 20.1 b) desta Lei. É dicir, sempre que concorran as dúas circunstancias seguintes:

- a) Que sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados. A estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude ou a recepción por parte dos administrados:
 - Cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias.
 - Cando os bens, servizos ou actividades requeridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.
- b) Que se presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público conforme á normativa vixente.

O Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais sinala nos seus artigos 15 a 19 o procedemento para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais.

O artigo 16.1 do devandito texto legal determina que os acordos de modificación das ordenanzas reflectirán a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.

Á vista de que as prestacións económicas esixibles pola realización de actividades extraescolares han de considerarse suxeitas á aplicación de prezos públicos, e non ao réxime das taxas, como é o caso doutras actividades ou servizos públicos de competencia municipal realizadas polo concello, tales como as actividades xuvenís, culturais e deportivas de verán, que se axustan ao réxime de prezos públicos.

Por canto antecede, propónse ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Derrogar, con efectos de 30 de setembro, a ordenanza fiscal núm. 20, reguladora da taxa por actividades extraescolares municipais.

Segundo.- Facer constar que as ordenanzas fiscais vixentes na actualidade non sinaladas nos acordos precedentes, continuarán vixentes ata que non se acorde a súa modificación ou derogación.

Terceiro.- Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello os citados acordos provisionais, durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Cuarto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar.”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, do PS de G-PSOE, manifesta que o cambio de taxa a prezo público é por cuestións legais, xa que, segundo o R.D. 2/2004, estamos obrigados a facer este cambio, xa que se trata dunha actividade que ten como característica, que é voluntaria e que pode ser realizada por particulares, e non en exclusiva polo sector público.

Agora falamos de prezos públicos e non de taxas. É o artigo 41 do RD 2/2004 o que obriga a esta modificación.

Toma a palabra don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, quen fai unha pregunta de tipo técnico, no sentido de que se lle aclare a diferenza nas maiorías necesarias para a aprobación e a modificación, segundo nos atopemos ante unha taxa ou un prezo público.

Responde a interventora dona M^a Irache Enríquez Albaina, quen di que nos dous casos a maioría é simple, non precisa maioría absoluta. O que se está a votar é o cambio de taxa a prezo público.

A Comisión, en votación ordinaria, por tres votos a prol correspondentes aos concelleiros do PS de G-PSOE, PP e EU-IU, e coa abstención dos concelleiros do BNG e Grupo Mixto (PG), en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Derrogar, con efectos de 30 de setembro, a ordenanza fiscal núm. 20, reguladora da taxa por actividades extraescolares municipais.

Segundo: Facer constar que as ordenanzas fiscais vixentes na actualidade non sinaladas nos acordos precedentes, continuarán vixentes ata que non se acorde a súa modificación ou derogación.

Terceiro: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello os citados acordos provisionais, durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto lexislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Cuarto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar.

6º.- Proposta de establecemento de prezo público por actividades extraescolares municipais.

Pola secretaria accidental dase lectura á proposta do concelleiro delegado de Educación, Xuventude e Deportes, co conforme do concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego, de data 21 de agosto de 2007, do seguinte teor literal:

“Dende a Concellaría de Educación lévanse a cabo actividades deportivas e culturais nos centros escolares de Cambre e noutras instalacións do Concello incluídas no Programa de Actividades Extraescolares Municipais. Coa finalidade de atender a demanda quérese ofertar unha nova actividade, a de Hockey sobre Patíns, no apartado de “Programa de Outras Actividades”.

Do mesmo xeito, inclúese unha nova tarifa no “Programa de Outras Actividades”, que deixa aberta a posibilidade de crear novas actividades. Esta é a de “Participación nunha actividade cultural ou medioambiental ou deportiva, ou outra actividade (de 75 minutos de duración semanal).

Por isto, e dado que hai anos que as tarifas esixibles pola prestación das actividades extraescolares municipais non se revisan, resulta necesaria a súa modificación, incrementándoas nun euro.

Por outra banda, considérase necesario, adaptar as ordenanzas fiscais á regulación vixente, xa que segundo o disposto no artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), as entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia da entidade local, sempre que non concorra causa ningunha das circunstancias especificadas no artigo 20.1 b) do TRLRFL, é dicir, sempre que concorran as dúas circunstancias seguintes:

a) Que sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados. Para estes efectos, non se considerará voluntaria a solicitude ou a recepción por parte dos administrados:

-Cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias.
-Cando os bens, servizos ou actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.

b) Que se presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público consonte á normativa vixente.

No caso que nos ocupan cúmprense os dous requisitos mencionados para o establecemento dos prezos públicos.

Tense en conta na presente proposta que o importe dos prezos públicos debe cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada, pero considero que nos encontramos ante razóns sociais, culturais ou de interese público suficientes para acollernos á excepción contida no 44.2 do TRLRFL que permite fixar as contías por debaixo de dito límite se as circunstancias o aconsellan.

Por canto antecede, propónse ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o establecemento do prezo público por actividades extraescolares, e aprobación do seu réxime regulador, que se achega como anexo.

Segundo.- Publicar para o seu xeral coñecemento no boletín oficial da provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro.- O presente acordo de establecemento do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no boletín oficial da provincia.”

Concédesse a palabra don José Venancio Salcines Cristal, que manifesta que teñen o punto de vista dunha ordenanza que constitúe un exemplo de política fiscal. Unha característica dela é que establece un sistema progresivo, o que non sempre é doado de acadar. Tal e como estaba regulado este tema, estabamos ante unha política regresiva. En todo caso, o que se fai é atoparnos cun sistema no que o concello está a financiar unha actividade da que só obtén o 21 % do custo, que é cinco veces superior ao que se obtén cos ingresos. O que se fai agora é incrementar un euro en cada actividade, de modo que pasaríamos a ingresar un 24 ou 25 % do custo da actividade, de modo que o concello financia estas actividades para algunhas persoas. Se o plantexamos desde o punto de vista das rendas, aquelas persoas que teñan un informe dos servizos sociais, terán a actividade asegurada. Tamén incrementamos o prezo da actividade para aquelas persoas non censadas en Cambre, o que resulta axeitado.

Na aplicación da política regresiva nos atopamos con que, e a ninguén se lle escapa, os matrimonios xóvenes teñen un nivel de renda superior á media da poboación do concello. Hai que acercarse máis a cubrir o custo da actividade, e cre que un euro de suba é ben pouco.

Don Nicolás Cubeiro Martínez di que lle sorprende que só se logre cubrir un 21 % do custo da actividade, e pregúntalle a razón á interventora, quen responde que o prezo público das actividades leva varios anos conxelado, o que fixo que se tivese un déficit cada vez maior neste aspecto.

Don José Venancio Salcines matiza que o nivel da renda dos veciños que se acercan é superior ao dos veciños históricos, e o Sr. Cubeiro sinala que non cre que Cambre sexa un concello terciario; agora non o é.

Concedida a palabra ao Sr. Baamonde López, pregunta se se pode facer un informe do que custa a actividade e do que paga cada un. O Sr. Salcines responde que o prezo de dúas actividades, coa suba que agora se propón, é de nove euros, cando o custo real serían uns 45 euros. Estamos dándolles un servizo aos cidadáns e o estamos financiando. O custo real sería de 45 euros, e o custo para o veciño de oito ou nove.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias, di que nos dous últimos exercicios as tarifas quedaron conxeladas; estamos de acordo en que os servizos deben autofinanciarse, e non é esaxerada a suba dun euro. O concello debe prestar o servizo de actividades extraescolares de xeito competitivo, e intentar que os fillos da xente de Cambre poidan estudar aquí porque teñen todos os servizos nos colexios públicos. É unha aplicación da política de conciliación da vida laboral e familiar. É unha aposta por un sistema de servizos públicos que se debe seguir facendo.

Don Antón Otero Domínguez quere pedirlle ao Sr. Salcines que aclare as tarifas nos conceptos nºs dous e oito, xa que resulta confuso se o concepto é ou non o mesmo, e os prezos distintos.

O Sr. Salcines responde que reconece este detalle de falta de claridade, e que se debe a que se fixo unha suba lineal de un euro; é normal esa confusión. Son ámbalas dúas a nove euros.

Tamén se lle pregunta ao Sr. Salcines que aclare os aspectos onde se fala de familias monoparentais, discapacitados, etc...

O Sr. Salcines Cristal responde que no seu momento xa se debateu sobre isto, e entende que a clave é a renda familiar, e non se a familia é monoparental, ou se nela hai discapacitados; se temos en conta a renda, valería co feito de que se dea relevancia ao informe do departamento de Servizos Sociais.

O Sr. Cubeiro pregunta canto diñeiro representa este euro de máis, e o Sr. Salcines dille que debe supor uns 1.800 euros por todas as actividades.

Concedida a palabra a don Luis Taibo Casás, este manifesta que a suba dun euro vai representar realmente pouco esforzo, pero, a pesar disto, gustaríalle que lle aclarasen se hai moita xente que demande a actividade de hockey sobrer patíns.

Don José Salcines respóndelle que ten os datos, pero que agora mesmo non llo pode dicir, e que noutros municipios pagan o dobre pola actividade. O que non se pode permitir é que un rapaz de Cambre se matricule en Culleredo nunha actividade, porque aquí non poida realizala. Temos que poñernos serios, e esixir que a xente, ou sexa de Cambre ou pague máis.

Don Jaime Lopez Lisnier, do PS de G-PSOE, manifesta que lle consta que hai un número suficiente de xente que quere participar desa actividade. Ademais, estas actividades ofértanse e, se non se acada un número mínimo de participantes, se suprimen.

O Sr. Taibo Casás, de EU-IU pregunta se esta actividade a demanda a xente do concello ou de fóra do concello, e se se trata de algo realmente necesario ou pode deberse a un capricho.

Dona Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, di que antes de rematar o curso, desde o concello propuxéronse actividades, e os padres votaron, e ese resultado entregouse no concello. Polo tanto, sabe que hai demanda desa actividade.

Concedida a palabra ao voceiro do Grupo Mixto (PG), don Manuel Marante, manifesta que a proposta é razoable, e que nas reducións por actividade, o tema da renda é fundamental; non é o mesmo unha redución a unha familia cun número de ingresos e tres fillos, que a outra que, cos mesmos ingresos, non teña fillos, por exemplo. A renda é un aspecto que ten que influir.

O Sr. Salcines insiste en que o tema da renda é decisivo para que o departamento de Servizos Sociais elabore o seu informe.

Don Felipe Andreu Barallobre, do PP, manifesta que é razoable ter en conta a situación económica da xente, pero que as familias van ter que realizar moitos trámites, coa presentación da declaración da renda, polo que cre que non vai compensar a redución da tarifa cos trámites que terán que cumprir.

O Sr. López Lisnier responde que o Departamento de Servizos Sociais estuda cada caso.

A Comisión, en votación ordinaria, por tres votos a prol correspondentes aos concelleiros do PS de G-PSOE, EU-IU e Grupo Mixto (PG), e coa abstención dos concelleiros do PP e BNG, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o establecemento do prezo público por actividades extraescolares, e aprobación do réxime regulador do mesmo, que se achega como anexo.

Segundo: Publicar para o seu xeral coñecemento no boletín oficial da provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de establecemento do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no boletín oficial da provincia.

“ANEXO

Acordo regulador do Prezo Público por Actividades Extraescolares Municipais

Artigo 1º. - Fundamento e natureza.

Ao abeiro do previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, regulador das facendas locais, este Concello establece o prezo público por actividades extraescolares municipais regulado polo presente.

Artigo 2º. - Concepto.

Os prezos públicos aquí regulados constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten algunha das actividades extraescolares municipais.

Artigo 3º. - Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, quen solicite ou se beneficie das actividades realizadas por este Concello a que se refire o artigo anterior.

Artigo 4º.- Contía.

1. A contía do prezo público do Programa de Actividades Extraescolares determinarase aplicando as tarifas do cadro seguinte:

Tarifa mensual	Programa de Actividades nos Centros Escolares		uros
1	Participación nunha actividade cultural ou deportiva, ou outra actividade (de 75 minutos de duración semanal)		7,50
2	Participación en dúas actividades: unha cultural ou outra e unha actividade deportiva ou outra (de 75 minutos de duración semanal cada actividade)		9,00
Tarifa mensual	Programa de Outras Actividades		Euros
3	Informática (curso de 60 minutos de duración semanal)		7,50
4	Escola de Tenis (curso de 75 minutos de duración semanal)		7,00
5	Escola de Xadrez (curso de 90 minutos de duración semanal)		4,50
6	Ciclismo		4,00
7	Hockey sobre patíns (curso de 75 minutos de duración semanal)		7,00
8	Participación nunha actividade cultural ou deportiva, ou outra actividade (de 75 minutos de duración semanal)		7,00
Tarifa por hora	9	Programa de actividades extraescolares en periodos vacacionais	Euros
	9.1. Programa de ata 15 horas de duración		1,66
	9.2. Programa de 16 ou máis horas de duración		1,50

As persoas non empadroadas no municipio de Cambre terán un suplemento do 50 por 100 nas tarifas do “Programa de Actividades nos centros escolares” e dun 100 por 100 no de “Programa de Outras actividades”.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a contía do prezo público será a que fixe, en cada caso, o Pleno da Corporación, ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 47 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

A Xunta de Goberno Local de acordo co artigo 44, apartado 2, do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo poderá fixar prezos públicos que non cubran o custe do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razóns sociais, culturais ou

de interese público que así o aconsellen, ao perseguir con estas actividades a consecución do mandato establecido na Constitución española de promoción e tutela do acceso á cultura (artigo 44).

3. A cota do Programa de actividades extraescolares verase reducida na porcentaxe que se sinala en cada un dos supostos seguintes:

- As persoas que acrediten formar familia numerosa, o 50 por 100 da cota.
- Cando se inscriba máis dun irmán dunha unidade familiar no mesmo programa, que non formen familia numerosa, ao primeiro cobraráselle o 100 por 100 da cota e aos seguintes un 50 por 100 da cota. En todo caso, o desconto aplicarase sempre ás cotas menores.
- As persoas que acheguen informe remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre, o 100 por 100 da cota.
- Cando unha mesma persoa se inscriba en máis dunha actividade do mesmo programa de Outras Actividades, pagará o 100 por 100 da cota da actividade de maior importe e o 50 por 100 da menor.

En caso de ter dereito a máis dun desconto, só se aplicará o maior deles.

As reducións, só serán de aplicación a aquelas persoas que figuren empadroadas no municipio de Cambre.

Artigo 5º. - Obriga do pagamento.

1.- A obriga do pagamento do prezo público nace dende que se inicie a realización da actividade, prorrateándose o cobro do prezo en trimestres.

2.- Para os efectos, o ingreso do prezo público realizarase nos últimos 15 días de cada trimestre (periodo de cobro) e mediante domiciliación bancaria, que é obrigatoria.

3.- A baixa na actividade deberá ser solicitada polos interesados por escrito ante o rexistro municipal e causará efectos ao mes seguinte. Aplicarase o mesmo criterio ás altas nas actividades.

4.- Nos supostos de altas ou baixas nunha actividade o importe do prezo público se prorrateará por meses.

5.- No suposto de que por causas non imputables ao interesado deixara de realizarse a actividade solicitada procederase á devolución do prezo público.

Artigo 6º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse polo disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.”

7º.- Expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario número 1/07.

Pola secretaria accidental dase lectura á proposta do concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego de data 23 de agosto de 2007, do seguinte teor literal:

“No desenvolvemento e execución do Presuposto municipal do exercicio corrente, observouse a inexistencia ou insuficiencia de crédito en determinadas partidas relativas a bens correntes e servizos e a diversos investimentos, para as necesidades xurdidas en diversas áreas.

Vista a imposibilidade de demoralalo ata o exercicio seguinte e vista a suficiencia de recursos para financiar as modificacións propostas, como se detalla a continuación.

Visto o disposto na décimo primeira das Bases de execución do orzamento para 2007.

É polo que proponho ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos :

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario número 1/2007 por importe de 336.869,20 euros nas partidas orzamentarias seguintes:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Suplemento de crédito	Crédito definitivo
200.121.622	Edificios Municipais	607.945,00	27.223,52	635.168,52
300.432.611	Investimentos en infraestrutura urbana	701.230,48	16.473,00	717.703,48

200.121.22608	Gastos diversos administración xeral	2.500,00	55.349,40	57.849,40
401.313A.22706	Servizo de axuda a domicilio	57.259,23	84.000,00	141.259,23
200.121.202	Arrendamento oficinas xerais	15.211,77	12.866,28	28.078,05
300.441.611	Outras obras de saneamento e abastecemento	527.867,17	90.000,00	617.867,17
	Subtotal	1.912.013,65	285.912,20	2.197.925,85
Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Crédito extraordinario	Crédito definitivo
200.111.624	Vehículos oficiais	0,00	30.000,00	30.000,00
300.441.620	Terreos para saneamento	0,00	20.957,00	20.957,00
	Subtotal	0,00	50.957,00	50.957,00
	Total	1.912.013,65	336.869,20	2.248.882,85

Nas que as partidas orzamentarias de investimentos corresponden aos seguintes proxectos:

Partida	Proxecto		Importe
200.121.622	07-2-121003	Local para brigada de obras	27.223,52
300.432.611	06-2-432013	Acondicionamento contorno igrexa Sigrás	16.473,00
200.111.624	07-2-111000	Vehículo oficial desprazamentos	30.000,00
300.441.620	07-4-441000	Terreos para infraestruturas saneamento	20.957,00
300.441.611	07-2-441001	Outros investimentos en saneamento e abastecemento	90.000,00

A devanditas modificacións financiaranse con cargo á baixa do crédito na partida orzamentaria “200.111.204 Renting vehículo oficial por importe de 17.602,92 euros, e polo importe restante, 319.266,28 euros, ao remanente líquido de tesourería.

Remanente de Tesourería para gastos xerais ao comezo do exercicio	1.971.822,80
Disposto na incorporación de créditos 1/2007	603.902,64
Cantidade de remanente disponible nesta data	1.367.920,16
Cantidade a utilizar neste expediente	319.266,28
Cantidade de remanente sobrante	1.048.653,88

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efetuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.”

Toma a palabra o concelleiro do PS de G-PSOE, don José Venancio Salcines, que di que hai que diferenciar dous aspectos diferentes: Por un lado o suplemento de crédito, que consiste en actuar sobre partidas que xa había e hai que apoialas, e o crédito extraordinario, que consiste en crear partidas que antes non existían.

No caso de partidas suplementadas temos as seguintes: edificios municipais, escola de formación, en concreto os baixos que se van acondicionar, infraestruturas urbanas, en concreto a igrexa de Sigrás, e gastos diversos, en concreto, facer fronte á execución dunha sentenza, correspondente a uha denuncia formulada polos veciños a Molduras del Noroeste.

Preguntado polo Sr. Baamonde López, don Francisco Javier Varela responde que no fallo xudicial condénase ao concello por unha falta de dilixencia na custodia da saúde dos veciños.

Continúa o Sr. Salcines dicindo que a partida máis importante son as axudas a domicilio, e obras de saneamento e abastecemento. É unha decisión política da corporación incrementar o custo da axuda domiciliaria, e hai unha taxa de cobertura do 25 %. A parte disto, está o feito de que unha traballadora social está de baixa, e a empresa que presta estes servizos asumiu esta falta.

Na partida de arrendamento de oficinas xerais atópase unha axuda para aluguer dun local social dos veciños do Temple, e tamén, aproveitando que se están a facer obras, se complementaron estas con outras de saneamento e abastecemento de auga en San Paio, Pravio, Pena de Sigrás e A Telva.

Se agora vamos ás partidas onde creamos importes temos: Vehículos oficiais, onde morre a partida para o renting, que era para un coche que costaría uns 60.000 euros a dividir en catro anos, e agora o que se vai facer é comprar outro, que se merca e se paga. Don Francisco Javier Varela Tejedor engade que estaba previsto arrendar un Audi A6, pero que, unha vez analizadas as ofertas, pareceu excesivo este vehículo, e considerouse que era máis axeitado unha berlina, que custará uns 20 ou 25 mil euros.

Preguntado polo Sr. Cubeiro pola razón da partida do aluguer dun local para unha asociación de veciños, e sobre se o trato é igual para outras asociacións, responde dona Erundina Prado Arcay que é un caso excepcional. Trátase da “Asociación Cultural Santa María do Temple”, que estaba usando un local cedido por un señor na rúa Pígara, e ía pasar para o centro social do Graxal, pero non foi posible. O dono arréndanolo por uns 900 euros

máis IVE; non se dá outro caso porque todas as asociacións teñen local. Non se trata dunha asociación de veciños.

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que é un tema que ven de antes, e para o que se está buscando solución. Por un erro non se preveu este importe no orzamento, e esperan que isto remate o 31 de decembro de 2007.

O Sr. Taibo Casás, di que outras asociacións queren locais, e non os teñen.

Preguntado polo Sr. Cubeiro, o Sr. Salcines manifesta que o custo de axuda a domicilio no ano 2005 era de 3.000 euros ao mes, e pasou a ser na actualidade duns 9.000 euros mensuais. Don Francisco Javier Varela Tejedor di que isto vai en función do número de horas do servizo. Este servizo estaba dándose pola empresa “A0 Mayores Servicios Sociales, S.L.”, e nun principio era de 3.000 euros/mes. Naquel momento o goberno decidiu incrementalo ata 8 ou 9 mil euros. A isto hai que sumarlle o incremento do prezo e os atrasos, e que hai unha traballadora familiar que se substituíu a cargo da empresa. A facturación, que era duns 40.000 euros, pasou a ser duns 57.000, e na actualidade é duns 84.000 euros máis ou menos.

O Sr. Cubeiro di que este custo supera o dobre do previsto no orzamento.

Don Henrique Xabier Iglesias, do BNG, pregunta se non houbo un incremento polas subvencións a través do plan Concertado, e por iso se estendeu a máis cidadáns. Eses ingresos deben figurar nalgures, e pregunta onde se recollen.

Responde dona M^a Irache Enríquez, interventora xeral da Corporación, que esas subvencións son outra das previsións do orzamento, e o incremento da subvención non é comparable ao de aumento do servizo. Os ingresos non son finalistas, non se sustentan todos os gastos. Agora mesmo non pode dar o dato de canto foi o importe da subvención.

Concedida a palabra a don Luis Taibo Casás, manifesta que lle parece unha barbaridade o diñeiro que se gastou no leasing do vehículo que tivemos alugado. Por iso, está de acordo coa compra do coche, e, por outra banda, gustaríalle contar coa sentenza que nos condena á indemnización. Gustaríalle examinar o expediente, porque non pode aceptalo sen máis, así polas boas.

Responde don Antonio Varela Saavedra que se trata de dúas casas, e que a empresa Molduras ofrecéulles negociar aos veciños. Os veciños presentaron denuncia polos

ruídos, e o xuíz dá a razón aos veciños porque producía ruídos, e non se sancionou. Agora, o xuíz ditou sentenza, e hai que acatala.

O Sr. Taibo solicita ver o expediente, e o Sr. alcalde dille que, cando queira, pode examinalo na secretaría xeral.

A Comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol correspondente ao concelleiro do PS de G-PSOE, dous votos en contra correspondentes aos concelleiros do BNG e EG-IU, e coa abstención dos concelleiros do PP e o Grupo Mixto (PG), en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario número 1/2007 por importe de 336.869,20 euros nas partidas orzamentarias seguintes:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Suplemento de crédito	Crédito definitivo
200.121.622	Edificios Municipais	607.945,00	27.223,52	635.168,52
300.432.611	Investimentos en infraestrutura urbana	701.230,48	16.473,00	717.703,48
200.121.22608	Gastos diversos administración xeral	2.500,00	55.349,40	57.849,40
401.313A.22706	Servizo de axuda a domicilio	57.259,23	84.000,00	141.259,23
200.121.202	Arrendamento oficinas xerais	15.211,77	12.866,28	28.078,05
300.441.611	Outras obras de saneamento e abastecemento	527.867,17	90.000,00	617.867,17
	Subtotal	1.912.013,65	285.912,20	2.197.925,85
Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Crédito extraordinario	Crédito definitivo
200.111.624	Vehículos oficiais	0,00	30.000,00	30.000,00
300.441.620	Terreos para saneamento	0,00	20.957,00	20.957,00
	Subtotal	0,00	50.957,00	50.957,00
	Total	1.912.013,65	336.869,20	2.248.882,85

Nas que as partidas orzamentarias de investimentos corresponden aos seguintes proxectos:

Partida	Proxecto		Importe
200.121.622	07-2-121003	Local para brigada de obras	27.223,52
300.432.611	06-2-432013	Acondicionamento contorno igrexa Sigrás	16.473,00

200.111.624	07-2-111000	Vehículo oficial desprazamentos	30.000,00
300.441.620	07-4-441000	Terreos para infraestruturas saneamento	20.957,00
300.441.611	07-2-441001	Outros investimentos en saneamento e abastecemento	90.000,00

A devanditas modificacións financiaranse con cargo á baixa do crédito na partida orzamentaria “200.111.204 Renting vehículo oficial por importe de 17.602,92 euros, e polo importe restante, 319.266,28 euros, ao remanente líquido de tesourería.

Remanente de Tesourería para gastos xerais ao comenzo do exercicio	1.971.822,80
Disposto na incorporación de créditos 1/2007	603.902,64
Cantidade de remanente disponible nesta data	1.367.920,16
Cantidade a utilizar neste expediente	319.266,28
Cantidade de remanente sobranete	1.048.653,88

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efetuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

7º.- Rogos e preguntas.

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito para esta comisión.

Preguntas presentadas por escrito polo BNG, para as Comisións Informativas do día 24 de xullo de 2007.

1ª.- O pasado 12 de xullo publicouse no BOP a convocatoria de consolidación de emprego interino para catro prazas incluídas en varias ofertas de emprego público do Concello.

En dúas das prazas convocadas, na súa base sétima, estipulan o sistema de selección de temas a desenvolver polos participantes na fase de oposición. A redacción destas bases non garante que se cumpran os principios de “igualdade, mérito e capacidade” que deben presidir todas as convocatorias de acceso ao emprego público. Tendo en conta, ademais, que na puntuación, na fase de concurso, xa están primados os traballadores que ocupan interinamente estes postos de traballo respecto do resto dos que se poidan presentar, segundo o acordado entre os representantes dos traballadores e os responsables políticos do anterior goberno, preguntamos ao goberno municipal:

1º.- ¿Como pensa garantir que o sistema de elección de temas a desenvolver na fase de oposición garanta os principios citados de “igualdade, mérito e capacidade”, e que, consonte estes principios, os temas escollidos polo tribunal o sexan por métodos aleatorios sen que poidan estar previamente definidos?

En relación cunha das prazas convocadas solicitamos contestación sobre:

2º.- ¿Considera o Goberno municipal que a composición do tribunal na convocatoria de consolidación de emprego para o posto de coordinador de Servizos Sociais, garante a cualificación técnica específica para poderen valorar as probas realizadas polos opositores?

3º.- ¿Ten en consideración a circunstancia o goberno municipal de se a participación no tribunal de funcionarios municipais con relación de amizade manifesta con algún dos opositores pode influir na necesaria ecuanimidade e imparcialidade das súas valoracións e podería incorrer en contradición co estipulado legalmente?

Contesta don Francisco Javier Varela Tejedor que as prazas non son catro, senón cinco. As bases xerais aprobáronse o 31/07/06, hai un ano, publicáronse no DOG de 5 de setembro de 2006, e no BOP do 12 de agosto anterior. Estas bases serven para logo aprobar as bases específicas. O goberno non ten que estar controlando o labor dos tribunais, senón que o goberno municipal e a propia Corporación, teñen que garantir que os tribunais cumpran cos principios constitucionais que garanten os principios de igualdade, mérito e capacidade. Ademais, non houbo recurso ningún contra as bases.

O tribunal, ademais, aínda non está definido. Só o está teoricamente, a nivel de postos de traballo, e hai que adaptalo ao novo estatuto da Función Pública, co que haberá que reformar a súa composición. Nestes tribunais hai dous habilitados nacionais, que son predominantes nestas bases, e dous técnicos especialistas da materia: un da Xunta e outro, ben deste ou ben doutro concello, ambos especialistas da área.

Continúa dicindo o Sr. Varela Tejedor que non sabe como o BNG coñece a relación de amizade que pode existir entre algún membro do Tribunal e un opositor, cando aínda non se sabe quen se vai presentar ás prazas. Cuestión distinta é que, chegado o caso, se algún dos membros do Tribunal esté incurso en causa de abstención, deba absterse, ademais de que os membros do tribunal poden ser recusados. Pero todo isto non se pode determinar ata que non se saiba exactamente os nomes dos aspirantes.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que os nomes dos membros dos tribunais si que foron publicados, e o seu grupo estará atento a cando saian as prazas, para actuar en consecuencia.

Continúa o Sr. Iglesias dicindo que o que lles preocupa aos membros do seu grupo non é a recusación. O certo é que as bases están aprobadas hai xa un ano, pero a lectura clave delas non se atopa nas bases xerais, senón nas específicas. Ao seu grupo preocúpalles que se poida pensar mal, xa que é unha convocatoria na que se premia aos traballadores de aquí, pero os temas a desenvolver non son por sorteo, senón que o tribunal os propón no momento do exame. Por iso, pode haber mal pensados que crean que a algún dos aspirantes, con saberse só uns cantos temas xa lle chegue. Sabe que nin políticos nin membros dos sindicatos poden estar nos tribunais, pero cabe que o goberno, que ten soberanía, poida modificar as bases para que o tribunal elixa os temas mediante bombo, ao chou, que era o que se viña facendo. Iso está nas mans do goberno facelo.

Responde don Francisco Javier Varela Tejedor que a vontade do goberno é acelerar un tema que é de hai moito tempo, e modificar as bases xerais era atrasar o sistema e seguir cun funcionariado en situación precaria, sen posibilidade de carreira. Por iso se prefere mantelas, e confían na profesionalidade dos membros do tribunal, que son funcionarios e saben ben da súa responsabilidade.

2ª.- ¿Cando ten previsto o goberno municipal que se constitúan e comecen os seus traballos as comisións informativas especiais non permanentes acordadas polo pleno de organización de 13 de xullo?

Responde don Antonio Varela Saavedra, que acaban de contactar co equipo redactor do Plan e o día 3 de setembro, ás 6 da tarde, reuniranse nunha primeira xuntanza, e, despois, a ver se é posible cada 15 ou 20 días. Logo, seguirán traballando. Se houberse algún cambio, avisaráselles. Mañá ou pasado farase a convocatoria.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pregunta polas outras comisións. O Sr. Varela Saavedra respóndelle que el contesta pola que lle corresponde. A do AVE haberá que convocala, e esperan que agora en setembro se fagan todas, nos quince primeiros días, para empezar a traballar.

3ª.- A convocatoria para cubrir varias prazas interinas de persoal municipal, publicada a través da web, o pasado día 20, e cun reducido prazo de presentación de solicitudes, opta pola fórmula de concurso máis unha entrevista.

1. ¿Está dita convocatoria, avaliada por informes técnicos de legalidade en todos os seus aspectos: prazos de presentación de solicitudes, non recorrer á fase de oposición, publicidade, composición dos tribunais, etc., ..., nomeadamente en referencia ao novo estatuto da función pública de 13 de abril de 2007?

2. ¿A inclusión de funcionarios públicos do Concello de Culleredo nalgún dos tribunais implica falta de confianza nos traballadores municipais ou que non se considere capacidade suficiente neles para avaliar estas probas?

3. Algunha das prazas convocadas non pertence a ningunha oferta de emprego público deste concello e, polo tanto non figura na relación de postos de traballo aprobada polo pleno municipal. Aínda así, non se especifica na convocatoria nin o obxecto concreto para o que se convoca, nin a duración deste contrato, e unha vez máis prescínlese da fase de exame. ¿Pode explicar o goberno municipal esta situación e a súa adecuación ás leis vixentes?

Contesta don Francisco Javier Varela Tejedor que, en primeiro lugar, a convocatoria está avaliada por todos os técnicos, a través dun informe do 17 de xullo de 2007 do xefe de Réxime Interior, coa conformidade do xefe da área, e o conforme da interventora.

Respecto da presenza do funcionario de Culleredo, non é unha falta de confianza, senón unha proba, e será algo que haberá que facer a miúdo, porque, coa nova lei da función pública, os membros do tribunal teñen que ser funcionarios de carreira, e neste concello hai poucos. Por iso se chama aos funcionarios doutras administracións, a ver que tal funciona a cousa, e a experiencia foi satisfactoria e cumpriu cos obxectivos.

A praza so é unha soa, a de graduado social, que ten informe de legalidade e é unha praza que trata de resolver circunstancias da produción. A Lei 7/07 prevé que, por circunstancias da produción, se poidan convocar prazas de interinaxe que non estean na oferta de emprego público. O sistema está perfectamente definido.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que a lei contempla que estes casos hai que xustificalos, (respóndelle o Sr. Varela Tejedor que están perfectamente xustificadas nos informes da unidade de Réxime Interior). Como don Henrique Xabier Iglesias manifesta que non os coñece, don Francisco Javier Varela Tejedor coméntalle que están no expediente, e don Henrique Xabier Iglesias pregunta se a lei marca tempos máximos para estes contratos, se é de seis meses prorrogables a un ano, o Sr. Varela Tejedor contesta que si, o período máximo é dun ano.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS.

1º.- Aprobación, se procede do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 24 de xullo de 2007.

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 24 de xullo de 2007.

Non se formula ningunha, polo que, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, queda aprobada a acta de referencia.

2º.- Rogos e preguntas.

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

Don Nicolás Cubeiro Martínez, do PP, comenta que as escaleiras que se atopan no Campo da Feira non se limpan, e parece ser que aos da limpeza municipal díxéronlles desde o concello que non as limpasen, polo que solicita se corrixa esta circunstancia.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

1º.- Aprobación, se procede do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 24 de xullo de 2007.

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 24 de xullo de 2007.

Non se formula ningunha, polo que, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, queda aprobada a acta de referencia.

2º.- Rogos e preguntas.

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

Don Nicolás Cubeiro pregunta á concelleira de Servizos Sociais acerca duns verquidos de fecais nun asilo , que parece que no interior tamén está en estado lamentable.

Responde dona Carmen Tato Lago que estaba en condicións infrahumanas. Ela entrou dentro, e mesmo temos unha denuncia presentada no xulgado de garda pola situación desa xente. Había 35 persoas, e o persoal de Vicepresidencia, por orde xudicial, recolléronnas. Hai 21 persoas pendentes de Sanidade, e esperan para poder facer un rexistro a unha orde xudicial, para levar de aí a toda esa xente, porque non se pode permitir ter aí a esas persoas con esa calidade de vida infrahumana. Un deles está na Coruña. O condutor do autobús negouse a levalo, e tiverono tres días no refuxio, e onte ingresou no Hogar de Sor Eusebia. Cando teñan a orde xudicial entrarán aí, e xa hai un dispositivo preparado. Os encargados de levar á xente serán Vicepresidencia e Sanidade.

Don Luis Miguel Taibo Casás comenta que hai uns dez días solicitaron que se repuxese en Pravio os colectores do lixo, e o Consorcio aínda non o fixo, polo que solicita que se estea enriba do asunto.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é firmada polo Sr. alcalde-presidente, de todo o cal, eu, secretaria accidental, dou fe.

O Sr. alcalde-presidente

A secretaria accidental

Asdo: Antonio Varela Saavedra

Asdo: M^a Fernanda Montero Carré